



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 881 24 93 91

DECRETO DO ALCALDE: CORRECCIÓN DE ERROS NO DECRETO 694/2025 DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA O DÍA MARTES 30 DE SETEMBRO DE 2025.

Antecedentes administrativos.

Primeiro. En data 26/09/2025 o Alcalde en funcións asinou o Decreto 694/2025 de Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o día martes 30 de setembro de 2025.

Segundo. Detectouse que, por un erro involuntario, o punto segundo da orde do día ten un título que non corresponde co título da proposta orixinal do departamento de Secretaría.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando que o artigo 109.2. da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recolle que “As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

Segundo. Considerando as competencias atribuídas ao Alcalde no artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO:

Primeiro. Correxir o erro cometido no punto segundo da orde do día que figura no Decreto 694/2025, do 26 de setembro, de tal xeito que onde di:

- 2. ANULACIÓN DOS RECIBOS DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO CON NÚMERO FIXO 253000783948 A BANCO SANTANDER SA POR TITULARIDADE IMPROCEDEDEnte, DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS E LIQUIDACIÓN ÁS TITULARIDADES CORRESPONDENTES.

Debe dicir:

- 2. ALTA DE LIQUIDACIÓN EN CONCEPTO DE TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO A VARIOS TITULARES POLA PROPIEDAD CON REFERENCIA CATASTRAL 8622504NH2382S0007GL, ANUALIDADES 2021-2025

Segundo. Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello (www.padron.gal), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros da Xunta de Goberno Local, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca.